

Resolución do expediente con código PO-00017001G(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal SAN MIGUEL DE CODESOSO, Concello Sobrado, Provincia A Coruña.

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.** Con data 14.07.2020 tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación o expediente exposto con anterioridade.

**Segundo.** A solicitude non inclúe novos modelos silvícolas ou de xestión forestal ou de referentes de boas prácticas específicos.

**Terceiro.** A documentación presentada está completa.

**Cuarto.** Con data 06.08.2020 tivo entrada unha solicitude do promotor de inicio do procedemento de avaliación ambiental ordinaria do proxecto de ordenación dacordo co punto 2, do apartado a, do grupo 9, do anexo I, da Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental.

**Quinto.** Con data 04.05.2023 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, resolve formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto de ordenación forestal do MVMC San Miguel de Codesoso, na parroquia de Codesoso, no concello de Sobrado (A Coruña), nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do dispostos no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

**Sexto.** Con data 05.06.2023 o servizo de montes propón a denegación do expediente indicando:

O instrumento non cumpre cos requisitos establecidos no Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia e eleva o expediente á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que resolva a súa denegación.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeiro.** Segundo o establecido no artigo 8.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia a competencia para resolver correspóndelle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

**Segundo.** O expediente foi instruído conforme ao disposto ao Decreto 52/2014, de 16 de abril polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e xestión de montes, e seguindo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





Polo anteriormente exposto, RESOLVO:

DENEGAR a primeira presentación do expediente con código PO-00017001G(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal SAN MIGUEL DE CODESOSO, Concello Sobrado, Provincia A Coruña segundo o artigo 81.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

A razón de denegación é o incumprimento da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental segundo o exposto no artigo quinto desta resolución.

Esta resolución circunscríbese ás competencias dos organismos sectoriais da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias que outros organismos, nomeadamente os estatais, poidan ter sobre a materia.

Contra a presente resolución, a persoa interesada poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA no prazo DUN MES dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Conselleira do Medio Rural, ao abeiro dos art 112 e 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido este prazo sen presentarse o devandito recurso, esta resolución adquirirá firmeza en vía administrativa.

Mediante este documento notifícaselle a Manuel Sanchez Pandelo, representante de CMVMC Codesoso, NIF V15427735 esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal  
José Luis Chan Rodríguez

